



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

DECRETO CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO NÚM. 1 DO 29 DE XANEIRO DE 2026

Exp. núm.: 2026/G010/000001

No uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto no artigo 78.2 do ROF pola presente veño en convocar sesión ordinaria do pleno que se celebrará no Salón de Plenos da Casa Consistorial o vindeiro día **29 de xaneiro de 2026 ás 20.30 h**, e no caso de non existir quórum necesario, na segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debater os asuntos relacionados no seguinte:

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO. Aprobación da solicitude de participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2026 da Deputación Provincial da Coruña. (Expte.: 2025/A008/000035)

SEGUNDO. Aprobación inicialmente a Proposta de Estrutura de Custos do contrato mixto denominado “Actuación global e integrada sobre as instalacións do alumeadado público municipal do Concello de Muros, mediante a modalidade de servizos enerxéticos (ESE) a través dunha empresa de servizos enerxéticos (Expte.: 2025/C004/000005)

TERCEIRO. Moción do grupo municipal do PP sobre a necesidade de que o Goberno de España flexibilice e adapte as obrigas establecidas no regulamento europeo de control da pesca á realidade operativa da nosa frota litoral e artesanal.

CUARTO. Moción do grupo municipal do BNG relativa ás consecuencias para a frota artesanal galega da entrada en vigor do regulamento de control da pesca da unión europea.

QUINTO. Moción de Muros Centrado para o apoio municipal á intención da Asociación Deportiva e Cultural Esteirana de Carrilanas de adquirir un local en Esteiro para a creación do “Museo de Carrilanas Ramiro García Núñez, “Gerente”.

SEXTO- Moción do grupo municipal do BNG de rexeitamento á modificación da lei do patrimonio cultural de galiza promovida pola Xunta

SETIMO. MOCIÓN DE URXENCIA

B. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

OITAVO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 998/2025 do 3 de novembro de 2025 ata a núm. 1210/2025 do 30 de decembro de 2025, das XGL núm. 25 do 12 de novembro, núm. 26 de 26 de novembro e da núm. 27 de 26 de decembro de 2025, e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

NOVENO. Rogos e preguntas

Muros, 26 de xaneiro de 2026, asinado dixitalmente pola alcaldesa Da. María Lago Lestón, ante min o secretario accidental, D. José Manuel Mayo Preiegue.

Desta convocatoria, da acta e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DO PLENO DA CORPORACIÓN

Da. Laura Eiras Rivadeneira e D. Mario Martínez Lago e Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG), Da. Caridad González Cerviño, D. Damián Torea García e Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE), Da. María Inés Monteagudo Romero, D. José Vázquez Rama, Da. María del Carmen González García, D. Juan Manuel Martínez Martínez e Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP), D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)